

PROXECTO TERRA



XUNTA
DE GALICIA



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

Manuel Amable Romero Pérez – Coordinador ProxectoTerra



**PROXECTO
TERRA**



QUE É O PROXECTOTERRA ?

O ProxectoTERRA é un proxecto do Colexio de Arquitectos de Galicia en colaboración coa Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Consellería de Educación, Ciencia, Formación Profesional e Universidades, e a Axencia da Protección da Legalidade Urbanística dirixido ao alumnado de distintas etapas educativas co fin de contribuír a mellorar a formación que a poboación escolar galega debe ter sobre as xentes, os espazos e os lugares que habitamos.

OBXECTIVO

O obxectivo do ProxectoTERRA é que o alumnado perciba o hábitat humano desde as diferentes perspectivas que abordan os materiais elaborados e postos á disposición da comunidade educativa desde o ProxectoTERRA. O hábitat estúdase afondando en diferentes aspectos, como son a paisaxe, o territorio, o urbanismo, a arquitectura ou o medio ambiente, dependendo do enfoque escollido en cada proxecto desenvolvido nos centros, aínda que sempre é ben considerado que se aborde un proxecto desde diversas perspectivas e se chegue a formular e desenvolver de xeito interdisciplinar.



**PROXECTO
TERRA**



PROXECTOTERRA 24-25

ACTIVIDADES

1- ELABORACION E REVISIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS

2- CURSOS E ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO ALUMNADO

2.1-PLAN PROXECTA +

2.2-EU SON INSPECTOR@ URBANÍSTIC@

2.3-VISITAS GUIADAS

2.4-INTERCAMBIOS TERRITORIAIS

3- PLAN FORMACION PROFESORADO E OBRADOIROS INTERDISCIPLINARES

4- CERTAME DIVULGATIVO - XENTES, ESPAZOS E LUGARES

5- CONGRESO DO 25 ANIVERSARIO

1. ELABORACIÓN E REVISIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS

O obxectivo do proxectoTerra é que o alumnado perciba o hábitat humano dende as diferentes perspectivas que abordan os materiais elaborados entre o 2004 e o 2014.

Os actuais materiais educativos postos á disposición da comunidade educativa dende o ProxectoTERRA afondan en diferentes aspectos, como son a paisaxe, o territorio, o urbanismo, a arquitectura ou o medio ambiente, pero algúns deles remóntanse ao ano 2004 e non se atopan adaptados á actual normativa educativa LOM-LOE.

Ademais, as revisións e os novos materiais deben afondar nos novos retos, europeos e mundiais, de sustentabilidade, medioambientais e sociais, que fixan a Axenda 2030 e a Nova Bauhaus Europea.

- Unidades Didácticas de Secundaria:

Arquitectura Popular

Arquitectura Contemporánea

Identidade Territorial



**PROXECTO
TERRA**



1. ELABORACIÓN E REVISIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS

PROXECTO
TERRA



1. ELABORACIÓN E REVISIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS

PROXECTO
TERRA



1. ELABORACIÓN E REVISIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS



PROXECTO
TERRA



1. ELABORACIÓN E REVISIÓN DE MATERIAIS EDUCATIVOS



PROXECTO
TERRA





**PROXECTO
TERRA**



REVISIÓN DOS CONTIDOS TEÓRICOS DAS UNIDADES DE SECUNDARIA

Atendendo a:

A- O novo marco educativo da LOM-LOE baseado na consecución de determinados obxectivos e competencias por parte do alumnado e poñendo énfase na aprendizaxe a través de proxectos para acadar estes obxectivos. Un novo marco educativo que incide en epígrafes a revisar como:

- A igualdade de xénero
- Enfoque transversal do coñecemento
- Importancia do desenvolvemento sostible
- Incorporación das novas tecnoloxías

B- Ademais a revisión dos materiais debe poñer énfase nos ODS da Axenda 2030:

- ODS 4. Educación de calidade
- ODS 10. Redución das desigualdades
- ODS 11. Cidades e comunidades sustentables
- ODS 15. Vida de ecosistemas terrestre

Buscase formular e desenvolver unha nova publicación didáctica interdisciplinar na que se fusione unha visión global do noso hábitat dende a vivenda, a cidade ou vila e, finalmente, o territorio.



ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO ALUMNADO

As actividades dirixidas ao alumnado son:

- PLAN PROXECTA +
- EU SON INSPECTOR@ URBANÍSTIC@
- VISITAS GUIADAS
- INTERCAMBIOS TERRITORIAIS

**PROXECTO
TERRA**





**PROXECTO
TERRA**



PLAN PROXECTA +

O ProxectoTERRA preséntase de forma continuada desde o ano 2012 entre os programas educativos que se ofrecen dende o Plan Proxecta, agora Plan Proxecta+, unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Na convocatoria deste ano mantívose o número de centros aos que se ofertou esta actividade, un total de 45. Os centros xa foron seleccionados entre os 62 presentados, o que constitúe un record no número de centros que solicitan este programa.

O Plan Proxecta+, está dirixido a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial, e que ademais, nos últimos anos, estean comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030. Dentro deste programa sitúase no epígrafe 18 o ProxectoTERRA.



CURSO DA APLU SOBRE COIDADO DO TERRITORIO

A Axencia de Protección da legalidade Urbanística é un organismo autonómico que desenvolve unha labor directamente relacionada coa defensa do noso territorio e dos seus valores medioambientais. Este curso 24-25, o ProxectoTerra en colaboración con ela, leva a cabo o proxecto lúdico-educativo "EU SON INSPECT@R URBANISTIC@. COIDA DO TERRITORIO. COIDA DO TEU" dirixido a tódalas etapas educativas: infantil, primaria, secundaria e incluso 1º de Bach.

Estas actividades, que non se levaron a cabo no curso 23-24, retómanse no presente curso 24-25. Tras diversas conversas, estas actividades van a ser melloradas e ampliadas como se recolle en detalle no Anexo A.

Deste xeito, nesta edición 24-25, as actividades programadas son de tres tipos:

1. Actividades nos centros educativos.
2. Actividades fóra dos centros educativos (Visitas e actividades na Aplu).
3. Actividades complementarias (Concurso “Amosando e protexendo o noso territorio”).

Así, as 20 actividades nos centros educativos (que son as que se levaban a cabo tradicionalmente) ampliáanse coas 5 visitas e actividades á Aplu e co concurso “Amosando e protexendo o noso territorio”.

**PROXECTO
TERRA**



INTERCAMBIOS TERRITORIAIS


Estas actividades teñen unha duración de dous días e realízanse en todo o territorio da nosa comunidade e no norte de Portugal:

- > Camiño de Santiago do Cebreiro a Samos
- > Allariz
- > Ferrol/Fragas do Eume
- > Costa da Morte
- > Courel / Ribeira Sacra
- > Guimaraes
- > Melgaso
- > Porto

Como obxectivo pretenden achegar ao alumnado ao coñecemento das cinco formas básicas de asentamento no noso territorio:

- > a aldea
- > a parroquia
- > a vila
- > a cidade
- > a área metropolitana.

Estes intercambios teñen por obxecto que o alumnado sexa consciente da diversidade do noso territorio ampliando este ao espazo compartido da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.





**PROXECTO
TERRA**



INTERCAMBIOS TERRITORIAIS

PROXECTO
TERRA





VISITAS GUIADAS DE ARQUITECTURA E CIDADE

Estase iniciando o proceso de revisión destas actividades complementarias, para o que se pretende contar coa colaboración das sete delegacións territoriais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia:

- > Lugo
- > Ourense
- > Santiago
- > Coruña
- > Ferrol
- > Pontevedra
- > Vigo

Unha vez incorporadas as melloras propostas aos seus diversos percorridos, serán ensaiadas ao logo deste curso 24-25 en varios centros educativos de Galicia.


Son visitas de un día de duración coas que se pretende que o alumnado sexa quen de recoñecer en calquera das cidades o seu proceso de conformación histórica e a súa formalización ao longo do tempo. A tal fin, faise en case todas elas un percorrido visual en autobús que lles permita tomar consciencia do seu tamaño e diversidade e uns percorridos peonís por zonas significativas nas que se pretende poñer ao alumnado en contacto coas últimas actuacións que significan rexeneración de espazos urbanos e novos exemplos de arquitectura contemporánea.

**PROXECTO
TERRA**



VISITAS GUIADAS DE ARQUITECTURA E CIDADE

PROXECTO
TERRA



CERTAME XENTES, ESPAZOS E LUGARES - 2024

PROXECTO TERRA



“XENTES, ESPAZOS E LUGARES”

É un programa de divulgación e formación non regrada, dirixido á cidadanía en xeral, conformado por un conxunto de charlas que teñen por obxectivo ofrecer unha visión plural e complexa dos espazos e os lugares que habitamos, tendo moi presente como se desenvolve neles a nosa vida.

Busca ser un punto de encontro e reflexión no que podan estar presentes todas aquelas persoas e institucións e colectivos que teñan algo que dicir sobre a complexidade do habitar no presente e no noso país.

Xentes dos campos da arquitectura, urbanismo, xeografía, arte, socioloxía, xornalismo, escrita, docencia, dos colectivos cidadáns... son convidadas a compartir as súas reflexións sobre como foi e como é a nosa interacción co medio natural e construído, e como xorden e se modifican os espazos que habitamos ao longo do tempo.

O que nos reúne nestas xornadas é o interese compartido nos temas que afectan á colectividade máis aló de compromisos profesionais específicos, tendo as intervencións un carácter marcadamente divulgador e coloquial.

O programa desta edición incide en temas como os novos retos das cidades e vilas intermedias, o actual papel das aldeas na nosa organización social e territorial e as necesidades da vivenda contemporánea.

As xornadas desenvólvense este ano en tres cidades: Ourense, Lugo e Pontevedra coa idea de espallarse nas próximas edicións a outras vilas e cidades de Galicia.

ORGANIZA:
COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA
EN COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA

OLLADAS SOBRE O TERRITORIO QUE HABITAMOS

OURENSE

XOVES, 7 DE NOVENBRO
17:00 H. Edf. ADMIN. DA XUNTA DE GALICIA
AVDA DA HABANA

• COMO VIVIREMOS NAS NOSAS CIDADES?

- JOSEP MARÍA LLOP
CATEDRA UNESCO CIDADES INTERMEDIAS, UNIVERSIDADE DE LEIDA.
- TERESA NOVAIS
UNIVERSIDADE LUSIADA DE PORTO.
MODERADORA: ISABEL MOCIÑO
UNIVERSIDADE DE VIGO.

LUGO

XOVES, 14 DE NOVENBRO
17:00 H. SEDE DE AFUNDACIÓN
PRAZA MAIOR/PRAZA STA MARIA

• ALDEAS COSMOPOLITAS

- LORENZO FERNÁNDEZ-PIETO
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
- LUZ PAZ-AGRAS
UNIVERSIDADE DA CORUÑA.
- JAIME IZQUIERDO
ESCRITOR E ETNÓGRAFO.
MODERADOR: ENRIQUE SEOANE
UNIVERSIDADE DA CORUÑA.



PONTEVEDRA


XOVES, 21 DE NOVENBRO
17:00 H. EDIFICIO DA XUNTA DE GALICIA
RÚA BENITO CORBAL

• ESPECIES DE ESPAZOS

- CARMÉ NOGUEIRA
ARTISTA E DOCENTE.
- LAURA PATO
ARQUITECTA E DESEÑADORA.
MODERADOR: FERNANDO AGRASAR
UNIVERSIDADE DA CORUÑA.



CERTAME XENTES, ESPAZOS E LUGARES - 2024



CERTAME
XENTES, ESPAZOS E LUGARES - 2024

PROXECTO
TERRA




CERTAME
XENTES, ESPAZOS E LUGARES - 2024

PROXECTO
TERRA



CERTAME XENTES, ESPAZOS E LUGARES - 2024

PROXECTO
TERRA



PLAN FORMACION PROFESORADO E OBRADOIROS INTERDISCIPLINARES

Xornada de formación



Venres 22 e sábado 23 de Novembro de 2024
MUPEGA, Santiago de Compostela

O espazo educativo, un campo aberto.

PROXECTO TERRA
COLABORACIÓN DE ARQUITECTOS DE GALICIA

museo pedagógico de galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

**PROXECTO
TERRA**



PROXECTO TERRA



XUNTA
DE GALICIA



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

Manuel Amable Romero Pérez – Coordinador ProxectoTerra